

**DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXAPOLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA  
OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS  
EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.**

*PREÁMBULO*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 de la Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Cambados establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil, que afectan á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

*ARTIGO 1º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúe o feito impoñible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa e aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo de vías públicas municipais ou outros terreos públicos a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

*ARTIGO 2º.—SUXEITOS PASIVOS.*

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuínte as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Considéranse prestados dentro do termo municipal todos os servizos que, pola súa natureza dependan do aproveitamento do voo, o solo ou o subsolo da vía pública ou estean en relación cos mesmos.

*ARTIGO 3º.—RESPONSABLES.*

Os supostos de responsabilidade, xa sexan subsidiaria ou solidariamente, serán os previstos na normativa tributaria.

*ARTIGO 4º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Non se concederán mais exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

*ARTIGO 5º.—BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.*

Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste municipio, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

**a) Base impoñible**

A base impoñible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = (Cmf * Nt) + (NH * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = Consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2011 é de 50 euros/ano.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no municipio, no ano 2009, que é de 6.034,32

NH = 95 % do número de habitantes empadroados no municipio. A 01/01/2010: 13.178,40

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para 2011 é de 262,9 euros/ano.

O importe calculado da base impoñible será de 3.766.317,36 euros.

#### b) Cota básica

A cota básica global determínase aplicando o tipo de gravame do 1,4 por 100 á base impoñible (QB= 1,4 % s/ BI)

Cota tributaria por operador = CE \* QB

sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, incluíndo as modalidades de postpago e prepago.

O valor da cota básica (QB) é de 52.728,44 euros.

#### c) Imputación por operador.

O valor da CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son os seguintes:

	CE	COTA TRIMESTRAL
Movistar	47,99%	6.326,09
Vodafone	31,91%	4.206,41
Orange	17,12%	2.256,78
Yoigo	1,39%	183,23
Outros	1,59%	209,60

As cotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) deste artigo.

A efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de devengo da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

#### ARTIGO 6º.—DEVENGO E PERÍODO IMPOSITIVO.

1.— O período impositivo coincidirá co ano natural, salvo nos supostos de:

- a) Inicio na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do subministro ou servizo, en que o período impositivo abarcará dende a data de inicio do aproveitamento e ata o último día do ano natural.
- b) En caso de baixas por cese de actividade, o período impositivo abarcará dende o primeiro día do ano natural e ata a data do cese da actividade.

2.— O devengo da taxa terá lugar o primeiro día do período impositivo.

3.— Nos supostos de inicio ou cese na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do subministro ou servizo, procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio da actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que teña lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cese de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cese.

#### ARTIGO 7º.—XESTIÓN.

1.— As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 desta ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso das cotas trimestrais que establece o dito artigo nos meses de abril, xullo, outubro e decembro.

2. – Nos mesmos prazos, outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración en base aos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o período impositivo.
3. – Unha vez concluído o período impositivo, os suxeitos pasivos que probaran, en base a datos oficiais aprobados pola Comisión del mercado de telecomunicaciones, que a súa participación nese período diferise da porcentaxe aplicada a efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

#### ARTIGO 8º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación da infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, se aplicará o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen y desenvolven.

##### *Disposición adicional 1ª. Actualización dos parámetros do artigo 5.*

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2011.

*Disposición adicional 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fan á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores.*

Os preceptos desta ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderanse que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

##### *Disposición final.*

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Cambados a 20 de decembro de 2013. O Alcalde, Luis Aragunde Aragunde.

**2013011512**

\* \* \*

## A CAÑIZA

### A N U N C I O

#### *Aprobación inicial do orzamento de 2014*

O Pleno do Concello de A Cañiza, en sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de decembro de 2013, aprobou inicialmente Orzamento Xeral do Concello, as Bases de Execución, así como o respectivo anexo de persoal para o exercicio 2014.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e disposicións concordantes, expónse ao público na Intervención Xeral deste Concello polo prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, -o cal comezará a contar desde o seguinte ao da inserción do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o dito prazo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, dirixidas estas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

A Cañiza, 20 de decembro de 2013. — O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

**2013011511**

\* \* \*